



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZANOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

(ACTA NÚMERO 27)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Daniel García Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:


D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e seis minutos do día **dezanove de xullo de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten os señores deputados don Miguel Fernández Méndez e don Xosé María Arias Fernández.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	1/43



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE TRES TURISMOS BERLINAS HÍBRIDOS ENCHUFABLES PARA O PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de tres turismos berlinas híbridos enchufables para o Parque Móbil, 2024/CON_02/000051, consta no mesmo:

- 1.- Proposta de inicio de expediente de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UUP77J5FIZOVL2NMDOJB74Y¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UUP77CBHM3FHM4TVQAZBGIA.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV7UWTBSDL747WVJSJQG4RK66E.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UW2D6ZN5I5L6D3Q7FIX2U5Y.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UW2D4AHV2JJBC43XS44RGIM.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	2/43





1º.- Aprobar a contratación da subministración de tres turismos berlinas híbridos enchufables para o Parque Móbil.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).


4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 169.090,91 €, máis o 21% de IVE (35.509,09 €), o que ascende a un total de 204.600,00 €, de acordo co seguinte desglose.

LOTE	Base imponible	IVE 21 %)	Importe Total IVE incluído	Importe mínimo polo/s vehículo/s a recoller (non suxeito a IVE)
1	65.785,12	13.814,88	79.600,00	1.500,00
2	103.305,79	21.694,21	125.000,00	3.000,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO CICLO PROXECCIÓN MESTRE MATEO QUE CONSISTE NA PROXECCIÓN DE 4 LONGAMETRAXES: "MATRIA", "FATUM", "¡SALTA!" E "O CORNO" E 4 DOCUMENTAIS: "A VIAXE DE LUCY", "CHICHI E MÁIS EU", "OS ESPAZOS EN BRANCO" E "EMOCIÓN, VIDA E

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	3/43



TEATRO”, FINALISTAS DOS XXII PREMIOS MESTRE MATEO, EN 8 CONCELLOS E/OU ASOCIACIÓNS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes: “Matria”, “Fatum”, “¡Salta!” e “O Corno” e 4 documentais: “A viaxe de Lucy”, “Chichi e máis eu”, “Os espazos en branco” e “Emoción, vida e teatro”, finalistas dos XXII Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo.Nº: 2024/CON_02/000050, consta no mesmo:


- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UUKCNHEMS3TN6XQAN6NBWKA.
- 2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7UWWIZHH4O5W4PBUGXALZGEU.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7UUIHCPIB4ZDB344HMEXQA4.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UW2APLYVYRLU7VQOMKISHOE.
- 5.- Informe xurídico con CSV: IV7UW2ANBBE4JPE3XV5GD4JFMU.
- 6.- Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do ciclo proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes: “Matria”, “Fatum”, “¡Salta!” e “O Corno” e 4 documentais: “A viaxe de Lucy”, “Chichi e máis eu”, “Os espazos en branco” e “Emoción, vida e teatro”, finalistas dos XXII Premios Mestre Mateo, en 8 concellos e/ou asociacións culturais da provincia de Lugo.Nº: 2024/CON_02/000050.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	4/43





á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á Asoc. Academia Galega do Audiovisual con NIF G15844145 a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 24.000€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 € de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA RELATIVA Ó ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS PARA A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS SÚAS ENTIDADES ASOCIADAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“*Antecedentes.*

Primeiro.- A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A entidade a Deputación Provincial de Lugo ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	5/43



Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo segundo as normas de réxime local, acorda:

1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Deputación Provincial de Lugo obrígase a:


Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (José Rodríguez Pérez, coordinador xefe de portería e vixilancia 982260164 zipi@deputacionlugo.org).

Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP tanta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados. Poner en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas. Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (LA0004267 Servizo de Contabilidade, LA0004268 Presidencia, LA0004240 Unidade de Vixilancia e Portería. Limpeza).

Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	6/43





5º.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	7/43



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	228	MELLORA DA PLATAFORMA VEIGA DE FORCAS-ZANFOGA	10.108,40€	33.707,95€	43.816,35€

4. O concello indicado chegou o correspondente anexo IV, relativa á obras por administración.

5. A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro a través de escrito de data 11/07/2024 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 228, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica "... adecuación á lexislación urbanística,...", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	228	MODIFICADO MELLORA DA PLATAFORMA VEIGA DE FORCAS-ZANFOGA	10.108,40€	33.707,95€	43.816,35€

6. A base 16, indica que "... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello".

Así mesmo tamén sinala "... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación".

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	8/43





concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Pedrafita do Cebreiro que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	228	MODIFICADO MELLORA DA PLATAFORMA VEIGA DE FORCAS-ZANFOGA	10.108,40€	33.707,95€	43.816,35€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Samos, solicitando substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	9/43



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Samos no que solicita a substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	282	REHABILITACIÓN MURO DE MANPOSTERÍA DE PEDRA EN SAN ISIDRO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	12.439,96€	12.439,96€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.


5. A Alcaldía do Concello de Samos a través de escrito de data 05/07/2024 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 282, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... titularidade non é municipal,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	282	MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN VIAL DE ACCESO A TOCA	1531.76201	---	12.434,13€	12.434,13€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	10/43





mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a substitución do investimento relativo ao Concello de Samos que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Samos, e en consecuencia, aprobar a substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SAMOS	282	MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN VIAL DE ACCESO A TOCA	1531.76201	---	12.434,13€	12.434,13€

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	11/43



2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	26	REHABILITACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AFECTADO NO BARRIO DE CARRICEIRAS	--	21.780,00	21.780,00€

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	12/43





4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Barreiros a través de escrito de data 01/07/2024 solicita:

a) A modificación de proxecto de investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, concretamente o investimento nº 26, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... a situación do saneamento era peor do que se prevía...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	26	MODIFICADO REHABILITACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AFECTADO NO BARRIO DE CARRICEIRAS	9.586,83€	21.780,00	31.366,83

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	13/43



8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2024, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Barreiros que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Deputación 2024 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	26	MODIFICADO REHABILITACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AFECTADO NO BARRIO DE CARRICEIRAS	9.586,83€	21.780,00	31.366,83

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

Proposta de aprobación, se procede, relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos nº 284 incluídos no Plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	14/43





“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (284) incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2025, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificadas no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificadas no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2025.

(...)

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	15/43



4. O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SOBER	284	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A ROSENDE, A POUSADA, SAS, A CAL, OS HORTOS, VELEIGAZ, E CASARES, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	6.349,05€

5. Por escrito de data 10/07/2024 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS LOCAIS DE CECEDA-VILAR DE MOUROS, CADAVAL-VILACHA, AMANDI-O LAMEIRO, SANTIORXO-BULSO, BULSO-SANTA CRUZ, BULSO-LIÑARÁN, VELEIGAZ-XANIMOL, XANIMOL-A VEIGA, NEIRAS-VACARIZA, A BURDALLA-AROXÓ E SAN MARTIÑO-VILELA	1531.76201	--	6.349,04€	6.349,04€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2024, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sober, no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sober e incluír no Plan Deputación 2024, como investimentos financiados con cargo aos remanentes

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	16/43





producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS LOCAIS DE CECEDA-VILAR DE MOUROS, CADAVAL-VILACHA, AMANDI-O LAMEIRO, SANTIORXO-BULSO, BULSO-SANTA CRUZ, BULSO-LIÑARÁN, VELEIGAZ-XANIMOL, XANIMOL-A VEIGA, NEIRAS-VACARIZA, A BURDALLA-AROXÓ E SAN MARTÍNO-VILELA	1531.76201	--	6.349,04€	6.349,04€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse unha solicitude para o cambio de titularidade de varias fincas afectadas por expropiacións realizadas pola Deputación Provincial de Lugo no termo municipal de Ribeira de Piquín.

Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Rectificar a titularidade das fincas e dos expedientes expropiatorios indicados a continuación:


69 P.O.S. 2005 Ribeira de Piquín.- C.L. “de Outariz a Val de Piñeira”, continuación:

Fincas	Titularidade anterior	Nova titularidade
1 e 14	Jesús López López	Jesús Pérez López e María Pérez López

63 P.O.S. 2006 Ribeira de Piquín.- C.L. “de Outariz a Val de Piñeira”, terminación:

Fincas	Titularidade anterior	Nova titularidade
5, 7 e 11	Herdeiros de Jesús López López	Jesús Pérez López e María Pérez López

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	17/43



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:


“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 16 de febreiro de 2024 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 043 do mércores 21 de febreiro de 2024.

Tendo en conta que de conformidade co punto 9º “Avaliación das solicitudes” das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: “Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da avaliación das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

Tendo en conta que nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	18/43





Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que con data 12 de xullo de 2024 constituíuse a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.


Tendo en conta que, finalmente, considerando o anteriormente exposto, as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas:

LIÑA	IMPORTE
LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	60.0000,00 €
LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES	50.000,00 €
TOTAL	110.000,00 €

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, que se mencionan nas listaxes que se anexan, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	19/43



L.ÍSTA DE RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

L.Ístas solicítase ao que se propón a concesión de subvención

Nº	Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLICITADO (€)	ACTIVIDADE	VALORACIÓN (MÁX. 30 PUNTOS)					DÍA INTER. RESE (PUNTOS)	VALORACIÓN SOCIAL (PUNTOS)	TOTAL	TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA
						MEMBRO ORG. PARTICIPACIÓN (2 PUNTOS)	CUMPRIMENTO PLAN DE ACCIÓN (2 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (2 PUNTOS)	POSICIONADO (5 PUNTOS)	PROMOCIÓN (3 PUNTOS)				
1	2024/COPI_01/000024	CENTRO RECREATIVO, CULTURAL Y DEPORTIVO DE BIANZONES	***1238**	3.809,43 €	Activación na Rib. Terro do Miño en Bannonde 2024 (conmemoración: mesa: prótesis, mantemento valas área recreativa, Imposta rí, desafío material (divulgación: centro de interpretación)	0	0	0	4	3	2	3	22	2.274,66 €
2	2024/COPI_01/000026	CAPACES LUGO	***4501**	5.530,00 €	Programa de inclusión ambiental para persoas con diversidade funcional, ano 2024 (organización e apoio de ruta adaptada a persoas con TEA e educación de campañas de sensibilización ambiental con diversas actividades, incluíndo gastos de monitoría e material funcional)	0	0	0	4	3	0	3	20	2.068,00 €
3	2024/COPI_01/000029	ASOC DEPORTIVA RIO LADRA	***1834**	7.000,00 €	Actualización de sinalización ambiental e recuperación das marxes fluviais do río Ladra entre a rib. descomodadura e o muílo de Paredores (accidón de decorado e pintura)	7	0	0	4	1	2	3	23	2.376,24 €
4	2024/COPI_01/000072	APA DE VERNADES	***9355**	1.000,00 €	O horto do meu co (actividades de educación ambiental no contexto de herdado e medios do curso de herdeiros autóctonos)	0	0	0	3	3	0	0	16	1.000,00 €
5	2024/COPI_01/000073	AMURABE	***2122**	1.100,00 €	Corrección de canteira enherba e poda de froiteiras autóctonas (1 corredoiro de castaña e 1 corredoiro de pobo)	0	0	0	3	3	0	0	19	1.100,00 €
6	2024/COPI_01/000075	ASOC. DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INHUA	***3758**	3.000,00 €	Plan de recuperación ecolóxica, plantas medicinais e micoloxía para o coliframento e conservación do entorno natural (1 curso de agricultura ecolóxica, 1 curso de micoloxía, 1 curso de plantas medicinais e curso de conservación de produtos de horta)	0	0	0	2	2	0	3	15	1.500,04 €
7	2024/COPI_01/000078	ASOC. CULTURAL ROTEROS GA CARBA	***4742**	5.831,50 €	Taller de elaboración: Proxecto divulgación e actualización dos entornos tradicionais de herdado (1 roterio mediterráneo, 2 corredoiros de memoria intergeneracional e café, 1 curso de artesanía, 1 ciclo conferencias, edición libro recopilatorio e material gráfico)	0	0	0	3	3	2	3	23	2.376,24 €
8	2024/COPI_01/000079	ASOC. MULLERES RURAIS OLVIDO	***2462**	2.276,01 €	Impartición "Oratorio restauración de mozas e ferramentas de campo" (1 corredoiro, incluíndo docencia e material)	7	0	0	1	1	0	0	18	1.861,25 €
9	2024/COPI_01/000081	ASOC EDUCATIVA NENEA MEDRAR CREANDO	***4679**	1.169,04 €	Compromiso herdeiro: Decourosión a Reserva de Biosfera Terro do Miño (1 mantemento para herdeiros, incluíndo monitoría, ferramentas e material)	0	0	0	1	1	0	3	15	1.500,04 €
10	2024/COPI_01/000087	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUGO	***2729**	4.000,00 €	XIII Exposición de Cogemelos (1 exposición incluíndo materiais promocionais e displays, transporte, elaboración de cartóns, materiais, iluminación e soporte)	7	0	0	1	1	2	3	26	2.662,47 €
11	2024/COPI_01/000088	ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PATRIMONIO DE GASTROVIVAS	***2821**	1.198,56 €	Mantemento de valas de conservación no contexto de coexistencia (divulgación: mesa e mesa forasteira, acondicionamento paneis informativos, sellos e postas de material, repoboación de áreas e material)	7	0	0	4	3	2	3	29	2.996,66 €
12	2024/COPI_01/000090	ASOC CORREA	***3068**	4.518,37 €	A celebración está en vigor na Reserva de Biosfera Terro do Miño (preparación corredoiro de herdeiros de mesa, organización concurso escritor, exposición topográfica, cartografía)	7	0	0	4	3	0	0	20	2.068,00 €
13	2024/COPI_01/000091	ASOC DE PESCADORES PONTE DE AREAS	***4240**	2.073,75 €	Curso de artesanía tradicional (1 curso incluíndo docencia, material para o corredoiro e alugue instrumental necesario)	7	0	0	4	1	2	3	25	2.500,06 €
14	2024/COPI_01/000096	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS A RIAZANDA DE CASTRO DE REI	***2887**	3.003,54 €	Curso de artesanía tradicional (1 curso incluíndo docencia, material para o corredoiro e alugue instrumental necesario)	7	0	0	1	3	2	0	18	1.861,25 €
15	2024/COPI_01/000105	ASOC SALESA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***9827**	4.300,00 €	Participación a Rede de Cursos Agrarios na Reserva de Biosfera Terro do Miño (organización e recursos con produtores, traballo de diagnóstico e elaboración plan de acción para a rede, incluíndo ponentes, organización produtos autóctonos e presentación)	7	0	0	3	3	0	0	21	2.171,46 €
16	2024/COPI_01/000107	CLUB MIRAGALIANO CIUDAD DE LUGO	***9271**	7.000,00 €	Decorado e restauración nun cabec (organización de rutas en cabec polo río Miño en 2 tramos, incluíndo monitoría e gastos de comunicación e de material divulgativo)	7	0	0	3	3	0	3	24	2.462,66 €
17	2024/COPI_01/000109	ASURUP PRODUCTORAS E PRODUCTORES GARNÉ ALTA MONTAÑA (ARJACAN)	***9264**	3.800,00 €	Curso de artesanía: curso para a elaboración de produtos (12 xornadas de educación ambiental para escritores, incluíndo a coordinación e edición dos materiais)	0	0	0	3	4	2	0	15	1.500,04 €
18	2024/COPI_01/000110	ASOCIACIÓN VEÑOS SAN COSME DE NETE	***2189**	2.745,00 €	Corrección de apréciamento de recursos do entorno e recursos poéticos para a alimentación e decoración (3 corredoiros de coque, cestería e cerámica, incluíndo docencia e material)	0	0	0	2	2	0	3	15	1.500,04 €
19	2024/COPI_01/000113	ASOC MONTE E VALES	***8921**	5.517,40 €	Coliframento Terro de Burón: labores de pasado, presente do presente (2 corredoiros de docencia e corredoiro interxeracional: dinamización e coordinación: material e subministración: sellos, guía, certificación e promoción e libros)	7	0	0	5	5	0	3	28	2.892,27 €
20	2024/COPI_01/000114	MARXOSA NÓRDEA NÓRDEA VALXARUGO LUGO (EN CONSTRUCCIÓN)	***4269**	2.300,00 €	100 km percorrido a ribeira dos montes de horta seca (organización de rutas, incluíndo seguros, imprenta, iluminación, traballo topográfico e vídeo, material para a ruta e material gráfico)	0	0	0	4	3	2	3	22	2.276,66 €
21	2024/COPI_01/000117	ASOC CULTURAL MESTURA DE NETE	***8322**	3.300,00 €	Curso de actividades ambiental: curso de artesanía tradicional (organización de 3 corredoiros de docencia: incluíndo docencia, material gráfico, material gráfico, cartóns de traballo e construción do material, incluíndo docencia e material)	0	0	0	3	2	0	3	15	1.500,04 €
22	2024/COPI_01/000120	ASOCIACIÓN SALESA DE OPERADORAS ARTESANAS ALIMENTACIÓN E PERDOS	***7777**	4.750,00 €	A Artesanía Alimentaria: unha nova oportunidade para a dinamización de Reserva de Biosfera Terro do Miño (xornada formativa e divulgativa con corredoiros, organización, cartóns, iluminación: material gráfico e difusión)	7	0	0	3	3	2	3	26	2.662,47 €

60.000,00 €

2. L.ÍSTA DE RESERVA DESCRIBIDA PORQUE O IMPORTE DE SUBVENCIÓN A CONCEDER É MENOR DO IMPORTE MÍNIMO ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA

1	2024/COPI_01/000121	ANGARELA ASOC DE MULLERES RURAIS	***2807**	938,60 €	Donacións florais para composicións con flores e verdes silvestres autóctonas (1 corredoiro incluíndo docencia e material)	0	0	0	3	2	0	3	16	1.624,44 €
---	---------------------	----------------------------------	-----------	----------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---	---	---	---	---	---	---	----	------------

3. L.ÍSTA DE RESERVA DESCRIBIDA POR NON XACER A PARTICIPACIÓN MÍNIMA DE 14 HORAS DE VALORACIÓN

1	2024/COPI_01/000097	ASOC SOCIAL CULT. DOS VEÑOS DE LANZÓS	***3474**	1.400,00 €	Curso de cestería de tabeiras (1 curso de duración 4 meses)	0	0	0	3	2	1	0	3	12
2	2024/COPI_01/000119	AC FOLGADA DE ROSNDE	***3088**	2.750,00 €	Festivo do Parque do Rato (2 actuacións musicais, 1 roteiro ambiental, alugue de carpas, de decoración cestería, organización produtos autóctonos e seguros)	0	0	0	1	1	2	0	3	12

3. L.ÍSTA DE RESERVA

non ha

IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY		Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	20/43





LÍNEA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

Table with columns: Nº, Nº EXPEDIENTE, SOLICITANTE, NºIF, IMPORTE SOLICITADO (€), ACTIVIDADE, MEMBROS PARTICIPACIÓN (7 PUNTOS), CUMPLIMIENTO PLAN DE ACCIÓN (3 PUNTOS), CALIDADE INTERESE (3 PUNTOS), VALORACIÓN (MÁX. 30 PUNTOS) including POSICIÓN (3), PROMOCIÓN (3), DIA INTER. REBE (2), VALORACIÓN SOCIAL (3), TOTAL, and TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non considerarse gastos subvencionables

Table with 4 columns: Nº, Nº EXPEDIENTE, SOLICITANTE, IMPORTE SOLICITADO (€), and ACTIVIDADE.

3. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima de 14 base de valoración

non hai

4. Listaxe de reserva

non hai

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederá a publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DA ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ALUCEM) Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2024).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Table with 4 columns: Field (Normativa, Firmado por, Firmado por, Url de verificación), Content (IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY, Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza, JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo), https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY), Fecha y Hora (23/07/2024 10:15:06), and Página (21/43). Includes a QR code on the right.

“Visto o escrito D. Pablo Miranda Lage con DNI ***1456**, en representación da entidade Asoc Lucense de Esclerosis Multiple (ALUCEM) con NIF G27209535 o 08/07/2024 (2024/PES_03/014845), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 12 de xullo de 2024).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024), aprobadas en Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 08 de maio de 2024.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2024 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 03 de xuño de 2024.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


Estimar a renuncia da Asociación Lucense de Esclerosis Multiple (ALUCEM) con NIF G27209535 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024) e perder o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021 AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RDL 5/2023, DO 28 DE XUÑO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	22/43





“A Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 (apartado IC), aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, autorizada polo artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño.

O artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, autoriza unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade.

A disposición adicional 8ª da Lei 20/2021 indica: “Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”.

A Oferta cumpre o establecido no parágrafo terceiro da RD-Lei 5/2023 art 217 parágrafo terceiro que sinala: “As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 (...)”

O número de prazas desta taxa adicional segundo o sinalado no art. 217 do RD-Lei 5/2023 será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	23/43



Para executar este apartado da Oferta de emprego, débense aprobar as convocatorias, bases xerais e bases específicas de cada un dos procesos selectivos afectados polo sinalado na Disposición Adicional 8ª, debendo rematar os procesos selectivos con anterioridade ao 31.12.2024 para cumprimento do sinalado na Lei 20/2021.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 9.11.2023 por unanimidade no que respecta as prazas afectadas pola DA8ª.

As bases xerais que regularán os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas que se aproben para cada unha das convocatorias, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.


2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, por remisión expresa ao reflectido na DA6ª.

3) Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 9.11.2023 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a DA8ª

Á vista do antedito proponse á Xunta de Goberno para cumprimento do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que acorde:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	24/43





1º.- Aprobar as bases xerais que regularán, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso a prazas de funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – apartado a) prazas de acceso libre; IC) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), sistema de concurso.

2º.- Ordenar a publicación das presentes bases xerais no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAI, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2023- APARTADO IC) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RDL 5/2023 DE 28 DE XUÑO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o RD-Lei 5/2023, de 28 de xuño.

O artigo 217“Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, autoriza unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	25/43



A disposición adicional oitava da Lei 20/2021 indica que “Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta inclúiran nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”.

O número de prazas desta taxa adicional segundo o sinalado no art. 217 do RD-Lei 5/2023 será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

A Oferta pública de emprego para o ano 2023 da Deputación de Lugo foi aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023; corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), e incorpora no apartado IC) as prazas afectadas pola Disposición Adicional 8ª da Lei 20/2021, cumprindo o sinalado no RD-Lei 5/2023 art 217 parágrafo terceiro que sinala:
 “As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 (...)”

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación do 9.11.2023.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional oitava da Lei 20/2021 e o artigo 217 “ Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrência, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	26/43





- a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación destes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, por remisión expresa á DA 6ª.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 8ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 9.11.2023 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a DA8ª

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2023 aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), no apartado a) prazas de acceso libre; IC) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), IC)1 réxime xurídico administrativo, IC)1.1 cota xeral, polo sistema de concurso, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
2021	Técnico/a Administración Xeral	Escala de administración xeral, subescala técnica	A - A1	371	Técnico/a Administración Xeral Entrada	Xeral

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	27/43



2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, a persoas que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021 e o artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A XESTIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2023 - APARTADO IC) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RDL 5/2023 DE 28 DE XUÑO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o RD-Lei 5/2023, de 28 de xuño.

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	28/43





O artigo 217“Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, autoriza unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade,

A disposición adicional oitava da Lei 20/2021 indica que “Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”.

O número de prazas desta taxa adicional segundo o sinalado no art. 217 do RD-Lei 5/2023 será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.


A Oferta pública de emprego para o ano 2023 da Deputación de Lugo foi aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023; corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), e incorpora no apartado IC) as prazas afectadas pola Disposición Adicional 8ª da Lei 20/2021, cumprindo o sinalado no RD-Lei 5/2023 art 217 parágrafo terceiro que sinala:

“As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 (...)”

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación do 9.11.2023.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de

	IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Fecha y Hora	23/07/2024 10:15:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UWOJ7BPRT72PCDVOFMUSTHY	Página	29/43




estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional oitava da Lei 20/2021 e o artigo 217 “ Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

- 1) Garanten a libre concorrencia, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
 - a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
 - b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación destes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.
- 2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, por remisión expresa á DA6^a.
